



## PROGRAMA INVESTIGO [2025]

Contratación de persoas mozas desempregadas na realización de iniciativas de investigación e innovación

Orzamento  
**4.817.400 €**

Prazo aberto do  
**4 de febreiro ao  
4 de marzo de 2025**



### Entidades beneficiarias

- Persoas empregadoras e empresas do sector privado radicadas en Galicia que estean a investir na realización de iniciativas de investigación e innovación, incluídas as empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).
- Centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida, nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal.

**3,8 M€**

**1 M€**



### Gastos subvencionables

- A subvención destinaranse a cubrir os custos laborais e salariais, incluíndo os gastos de cotización por todos os conceptos á Seguridade Social, das persoas mozas contratadas para o desenvolvemento de iniciativas de I+D+i.
- A modalidade contractual será o contrato indefinido. Quedan **excluídos** os contratos fixos – discontinuos.
- O período subvencionado será de 12 meses e a xornada a tempo completo.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa para acceder]

**Non será subvencionable** o contrato das persoas mozas que desempeñasen na mesma empresa ou grupo de empresas **calquera tipo de posto no prazo de 6 meses anteriores** á data da solicitude.

Tampouco serán subvencionables os contratos **daquelas outras persoas mozas** cuxos contratos fosen **subvencionados ao abeiro do Programa Investigo en 2022, 2023 ou 2024.**



## PROGRAMA INVESTIGO [2025]



### Contía e xustificación da axuda

- A concesión e a xustificación das subvencións realizarase a través do réxime de módulos por cada persoa contratada participante no Programa Investigo.
- A subvención calcularase en base ao número de persoas a contratar (ata un máximo de 3) e meses de duración do contrato de cada unha delas, segundo os módulos seguintes:

<b>Módulo A</b>	Grupos de cotización á Seguridade Social do 9 a 5 por persoa e mes	<b>1.867,16 €</b>	Total anual módulo A por persoa	<b>22.405,92 €</b>
<b>Módulo B</b>	Grupos de cotización á Seguridade Social do 4 a 1 por persoa e mes	<b>2.759,07 €</b>	Total anual módulo B por persoa	<b>33.108,84 €</b>

Estas axudas son **incompatibles** con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade, pública ou privada.

- As entidades beneficiarias presentarán, no prazo de 10 días dende as contratacións, a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados, segundo os modelos dispoñibles na sede electrónica (anexos II e III), xunto cunha fotografía do cartel informativo.
- No prazo de dous meses tralo remate dos contratos, presentarase unha memoria de actuación e unha memoria económica do custo da actividades realizadas en función dos resultados obtidos, segundo o modelo dispoñible na sede electrónica.



### Actividades de I+D+i a desenvolver

- As actividades de I+D+i desenvolveranse polas persoas capacitadas para levar a cabo proxectos de investigación en calidade de investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i, facilitando a súa inserción laboral para incrementar a competitividade da investigación e a innovación.
- As actividades desenvolveranse, entre outras, en ocupacións referidas á transición ecolóxica, economía verde, dixitalización de servizos, enxeñería de datos e data science, e outras tarefas encadradas no marco da RIS3 2021 – 2027.



### Requisitos das persoas a contratar

- 1º Persoas entre 16 e menos de 30 anos desempregadas\* e inscritas como demandantes\*\* no Servizo Público de Emprego de Galicia no momento de comezar a relación contractual e
- 2º Que cumpran os requisitos esixidos pola modalidade de contrato a formalizar.

#### Critérios a ter en conta na selección das persoas a contratar

- Maior adecuación entre a formación académica e o programa de investigación.
- Dispoñer de estudos específicos relacionados coa materia a desenvolver.

\* As empresas poderán empregar o Portal Emprego Galicia ou o SPEG, solicitando á oficina de emprego as persoas desempregadas.

\*\* Non se requirirá a inscrición nos casos contemplados no artigo 4.1.a) do Real Decreto-Lei 1/2023, do 10 de xaneiro.